

25 DE NOVIEMBRE, POR ÚXÍA 4º ESO

Ola a todos e todas, chámome Isaac Núñez . Hoxe querovos contar a miña historia coa que moitos de vós, vos sentiredes identificados.

Jeño unha parella que para min é a mellor muller de todas, comprensiva, leal, cariñosa, atenta,... os adxectivos que a describen son moitísimos.

Fai un ano decidimos ir a vivir xuntos; os dous estábamos moi emocionados con esta nova etapa da nosa relación. Todo marchaba moi ben. Compartiamolo todo, penas, alegrías, decisións,... Pero non sempre foi así, eu teño que confesar que confesar que son moi celoso e tamén me gusta moito controlar á miña parella, ao principio isto non lle importaba, mesmo lle parecía ben. Co paso dos días ela conseguirá un traballo novo cun xefe moi guapo e atractivo; isto a min non me parecía nada ben, dende ese momento a nosa convivencia foi desmellorando. Discutiamos por todo e eu estaba demasiado celoso, celábame por todo, ata da roupa que levaba, con quen falaba no móvil... Os meus ciumes e a miña sede de controlar todo fixeron que a espiara e seguira a todas partes, non consentía que salise con ninguén,... Pero isto non paraba de empeorar. Un día saín a tomar unhas copas cuns amigos e ao regresar a casa a miña parella estaba na nosa casa unha amiga, eu, medio bébedo e cheo de ciumes, botei a esta amiga fóra da casa e sen poder controlarme pegueille unha labazada á miña noiva, deixándolle a cara che de negróns.

Co sucedido ela non quería saber nada de min, deume un ultimátum: "Ou cambias ou marcho para non volver".

Fu estaba realmente namorado dela e sentiame culpable polo que lle fixera. Por todo isto, decidin tratarme cuns psicólogos que me axudaron moito. Agora son unha persoa nova e eu mesmo sintome mellor sen ciumes e sen ser controlador. A miña parella perdonoume e agora somos fai felices ca nunca e tivemos un bebé ao que adoramos.

Con todo isto que vos contei espero que vos sirva de modelo e que vós non fagades nin sintades isto porque cando maltratamos a unha muller ou a calquera persoa, tamén nos maltratamos a nós mesmos.